


As Mulleres na Empresa TIC



Estudo de situación

Autor:



Este documento distribúese baixo licenza
Creative Commons 3.0 Spain Attribution/Non Comercial
Compartir baixo a mesma licenza dispoñible en:
<http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0/deed.gl>

Este documento foi elaborado por Eganet para a Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia, pertencente á Consellaría de Innovación e Industria.
A publicación deste informe correspóndese coa iniciativa CES-LA2-I4 Acceso libre aos contidos de orixe pública, do Plano Estratéxico Galego da Sociedade da Información (PEGSI).
O contido deste informe non representa necesariamente a posición oficial da Xunta de Galicia.

Patrocinio:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Promoción Industrial
e da Sociedade da Información



Fundación para o Fomento
da Calidade Industrial e
o Desenvolvemento
Tecnolóxico de Galicia



OBSERVATORIO GALEGO
DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN

ÍNDICE

CAPITULO 1. ESTADO DA ARTE.....	5
Introdución.....	6
Metodoloxía.....	8
Definición do sector das TIC en Galiza.....	10
Sector TIC: plans, programas e leis a nivel autonómico, estatal e internacional para o fomento das TICs.....	13
Comparativa da situación das mulleres nas empresas TIC a nivel autonómico, estatal e internacional.....	19
 CAPITULO 2. A MULLER NO ÁMBITO PROFESIONAL DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN.....	 27
Introdución.....	28
Datos das empresas.....	29
Persoal das empresas TIC.....	31
Formación.....	42
Servizos TIC.....	43

CAPITULO 3. A PERCEPCIÓN DA MULLER NA EMPRESA TIC.....	45
Introdución.....	46
Ficha técnica da entrevistas.....	47
Concordan os postos coa cualificación das mulleres?.....	51
Situación da muller no sector TIC.....	55
Conciliación da vida familiar e laboral.....	57
Utilización das TIC por parte das mulleres fóra do ámbito laboral.....	60
Opinión sobre a situación da muller empregada no sector TIC.....	63
 CONCLUSIÓN.....	 67

CAPITULO 1

ESTADO DA ARTE

Introdución

O sector das Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (TIC) está transformando a vida económica e social e constitúe un factor chave para que o crecemento económico e a produtividade se fundamenten, cada vez máis, no coñecemento e na Sociedade da Información (SI).

Internet e as redes telemáticas están a repercutir no ámbito da produción tecnolóxica, dixital, cultural e artística, proporcionando un novo enfoque nos modelos de negocio e produción de riqueza, creando novas ocupacións e formas de remuneración económica.

Desde un primeiro momento, o sector tecnolóxico foi case exclusivamente masculino. Sen embargo, nos últimos anos, o nacemento das Tecnoloxías da Información e da Comunicación e sobre todo a xeralización de Internet nos países industrializados, están a repercutir positivamente, aínda que de maneira lenta, na incorporación das mulleres neste sector de mercado e no seu campo académico.

A pesar do progresivo aumento de mulleres nos estudos científico-tecnolóxicos, a súa presenza profesional segue a ser menor ca dos homes. Os motivos poden ser moi

diversos, e van desde a falta de motivación, e a exclusión social, até mesmo a idea aínda vixente de identificación do científico e o tecnolóxico co xénero masculino.

As TIC supoñen unha importante oportunidade para as mulleres, ofrecéndolles posibilidades e usos diversos: contactar con outras persoas, crear grupos de relación e de interese, procurar emprego, formarse, crear redes e, especialmente, facilitar un espazo onde xerar e acceder á información de forma alternativa, superando algúns aspectos que na sociedade actual representan unha dificultade para elas.

O obxectivo deste proxecto é analizar e describir o papel da muller no sector galego das TIC desde distintos puntos de vista (nivel de estudos, categoría profesional, ingresos etc.) así como as súas problemáticas sociais e empresariais (persoais ou familiares).

Metodoloxía

Este proxecto trata de ofrecer unha visión global da situación da muller nas empresas do sector galego das novas tecnoloxías da información e comunicación (TIC).

O estudo está dividido en tres partes. No primeiro bloque preséntanse os estudos e fontes que dispoñen de datos estatísticos e informes relevantes para o proxecto. Realizouse unha recollida de datos de diferentes estudos que se levaron a cabo tanto a nivel galego como estatal e internacional sobre a muller e as TIC.

Posteriormente, procedeuse á elaboración dun resumo que recolle as distintas medidas, leis e programas tanto a nivel europeo, estatal e autonómico que puxeron en marcha até o de agora as distintas administracións públicas co fin de potenciar o uso e a implicación no sector das novas tecnoloxías por parte das mulleres.

O segundo bloque céntrase no estudo da muller dentro do ámbito profesional da Sociedade da Información, para o cal se utilizaron os datos estatísticos fornecidos polo Observatorio Galego da Sociedade da Información e recollidos a partir das enquisas realizadas a unha ampla mostra de empresas TIC galegas no marco do proxecto "A

Sociedade da Información nas Empresas TIC”, co fin de coñecer a situación da muller neste contorno.

A terceira parte analiza dende un punto de vista cualitativo, a situación e a percepción da muller na empresa TIC. Para iso, realizouse un estudo a través de entrevistas e foros de discusión a mulleres que ocupan diferentes postos nas 40 empresas galegas asociadas a Eganet, que desenvolven o seu traballo no ámbito da Internet e das novas tecnoloxías da comunicación.

Definición do sector das TIC en Galiza

No ano 1998, os países membros da OCDE definiron o Sector das Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC) como a “combinación de industrias manufactureiras e de servizos que recollen, transmiten e distribúen datos e información de maneira electrónica”.

As TIC caracterízanse por englobar a varios sectores, os relacionados coa produción ou distribución de produtos tecnolóxicos e outros como os servizos audiovisuais e a industria de contidos; Bánegas¹ defíneo como:

“Converxencia de sectores ou un hipersector das TIC referido de forma xenérica á converxencia efectiva dos sectores tradicionais da electrónica, informática e telecomunicacións”.

Seguindo a Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE 1993), que permite a clasificación e agrupación das unidades produtoras segundo a actividade que exercen, no seguinte cadro recóllense as actividades identificadas como xeradoras de perfís TIC:


¹ BÁNEGAS: Definición e Concreción do Hipersector das Tecnoloxías da Información en España. Avaliación das súas principais magnitudes e impactos na economía española. ANIEL 2000.

ACTIVIDADES DO SECTOR TIC (SEGUNDO OS CNAE)	
30 FABRICACIÓN DE MÁQUINAS DE OFICINA E EQUIPOS INFORMÁTICOS	
300 Fabricación de máquinas de oficina e equipos informáticos	
31 FABRICACIÓN DE MAQUINARIA E MATERIAL ELÉCTRICO	
311 Fabricación de motores eléctricos, transformadores e xeradores	
312 Fabricación de aparatos de distribución e control eléctricos	
313 Fabricación de fíos e cables eléctricos illados	
314 Fabricación de acumuladores e pilas eléctricas	
315 Fabricación de lámpadas eléctricas e aparatos de iluminación	
316 Fabricación doutro equipo electrónico	
32 FABRICACIÓN MATERIAL ELECTRÓNICO; FABRIC. EQUIPO E APARATOS RADIO, TV	
321 Fabricación de válvulas, tubos e outros compoñentes electrónicos	
322 Fabricación de transmisores radiofusión e tv e aparatos radiotelefonía	
323 Fabricación aparatos recepción, gravación e reprodución son e imaxe	
64 CORREOS E TELECOMUNICACIONES	
642 Telecomunicacións	
72 ACTIVIDADES INFORMÁTICAS	
721 Consulta de equipo informático	
722 Consulta aplicacións informáticas e subministración programas informáticos	
723 Proceso de datos	
724 Actividades relacionadas con bases de datos	
725 Mantemento e reparación maquinaria de oficina, contabilidade e equipo informático	
726 Outras actividades relacionadas coa informática	

Actividades e subactividades do sector TIC segundo CNAE

Con respecto ao sector TIC galego, e segundo os datos facilitados polo Observatorio Galego da Sociedade da Información, a cifra media de negocios das empresas do sector das tecnoloxías da información e comunicación correspondente ao ano 2006 situouse por riba do 1,9 millóns de euros, experimentando un crecemento do 17,4% respecto ao ano anterior. O sector TIC galego caracterízase por estar moi atomizado, con preto de 1500 empresas identificadas, das cales o 94% son micropemes. O volume de negocio das empresas do sector TIC procede maioritariamente da súa actividade no mercado galego. Un 71% das actividades das empresas galegas do sector prodúcese con clientes de Galiza e apenas un 5% no ámbito internacional.

Na seguinte táboa represéntanse a relación de empresas TIC de Galiza por actividades:



Fonte: INE. 2007

A principal fortaleza do sector TIC galego é a súa capacidade de xerar emprego de calidade. A actividade TIC ocupou 14.516 postos de traballo en Galiza² no ano 2007. Detéctase unha desigualdade de xénero, tendo en conta que só o 26% das persoas empregadas e o 13% do persoal directivo das TIC galegas son mulleres.

² Fonte: Afiliados en alta laboral da Seguridade Social correspondentes aos CNAES 30, 32, 64 e 72

Sector TIC: plans, programas e leis a nivel autonómico, estatal e internacional para o fomento das TIC

GALIZA

A “Lei Galega 7/2004 do 16 de xullo para a Igualdade de mulleres e homes”, pretende eliminar a discriminación entre mulleres e homes así como a promoción da igualdade, e atribúelle a maior efectividade posible, no seu ámbito de competencias, ao principio constitucional de igualdade de oportunidades entre as persoas de ambos os dous sexos.

O Plano Estratéxico Galego da Sociedade da Información (PEGSI) define as políticas para que Galiza se introduza plenamente na sociedade da información. Esta iniciativa da Consellería de Innovación e Industria busca fomentar o desenvolvemento da Sociedade da Información en Galiza.

O informe "Sociedade da información e xénero: un análise das políticas públicas" elaborado no marco do proxecto "E-Igualdad" (Plan Avanza) salienta que o PEGSI e o seu equivalente valenciano son os dous únicos planos autonómicos que especifican entre os seus fundamentos acadar a igualdade entre homes e mulleres.

O PEGSI puxo en marcha varios proxectos para impulsar o uso das novas tecnoloxías entre as mulleres. Un dos principais obxectivos do Plano Estratéxico é aumentar a participación das mulleres nas decisións sobre a produción e regulamentación do sector tecnolóxico que, tradicionalmente, está dominado polos homes. Un "plan de alfabetización, formación e acceso primeiro emprego" e o impulso ao teletraballo son dúas das actuacións previstas.

O PEGSI sinala que o teletraballo pode resultar unha "alternativa laboral" para as mulleres. Precisamente, unha das prioridades da liña de actuación INCL-LA1-I2 Inclusión da muller é a implantación "solucións prácticas concretas de aplicabilidade das tecnoloxías da información (TIC) a " ámbitos económicos con especial presenza da muller". Ademais, a Rede de Dinamización da Sociedade da Información está a realizar obradoiros e cursos que promoven a inclusión das mulleres na SI, con especial atención, no ámbito rural.

A Consellería de Industria ten en marcha varios proxectos para impulsar o uso das novas tecnoloxías entre as mulleres. Estes proxectos desenvólvense no marco dos planos Avanza e Arco. Entre eles figuran ciclos de formación para mulleres e familias monoparentais sobre as vantaxes da rede, iniciativas que se están a organizar en colaboración coa Vicepresidencia.

Tamén para reforzar a participación das mulleres, o Plano prevé o apoio á creación dos portais web de compañías dirixidas por empresarias e "o deseño de servizos de información, orientación, asesoramento e formación específicos para a incorporación da muller ao manexo das novas tecnoloxías".

Por outra banda, o Servizo Galego de Igualdade, lanzou unha canle de asesoramento en liña para emprendedoras, ademais de contar co Portal de Emprendemento para mulleres.

ESPAÑA

No ano 2004, púxose en marcha o "Plan Ingenio 2010", no que se pretende involucrar o Estado, a empresa privada, a universidade e outros organismos públicos de investigación no esforzo por alcanzar un alto nivel para España en materia de I+D+I. Dentro deste plan contéplanse tres programas:

- *Programa Cénit (Consortios Estratéxicos Nacionais de Investigación Técnica)*, que persegue aumentar a cooperación público-privada en materia de I+D+I.

- *Programa Consolider*, que ten como finalidade conseguir a excelencia investigadora aumentando a cooperación entre investigadores e formando grandes grupos de investigación.

- *Plan Avanza*, que ten como obxectivo a converxencia da UE en materia de sociedade da información en termos de incrementar a porcentaxe de empresas que utilizan o comercio electrónico, promover o uso da factura electrónica, estender a

Administración electrónica, acadar a taxa dun computador conectado á Internet por cada dous alumnos de centros de ensino e duplicar o número de fogares con acceso á rede.

Un dos obxectivos máis importantes que contempla o Plan Avanza é o de desenvolver experiencias piloto innovadoras, dirixidas a fomentar novos contidos e servizos en relación coa igualdade de xénero, tales como a conciliación da vida persoal e a familiar, a promoción de mulleres emprendedoras etc., e o deseño e aplicación de plans para a extensión do uso das ferramentas para a sociedade da información entre as asociacións de mulleres.

Entre os anos 2003-2006 implantouse o “IV Plan de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes”, que recollía alusións concretas ás tecnoloxías e á sociedade da información tales como a realización de cursos de formación para mulleres nos novos sectores de emprego, desenvolvemento de xornadas informativas dirixidas a mulleres empresarias de novas tecnoloxías, fomento da elección de itinerarios escolares para que as mulleres novas accedesen a carreiras técnicas e a creación dun portal informático que recollía e sistematizaba a información sobre igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

O paso máis importante neste terreo márcase a “Lei Orgánica 3/2007 do 22 de marzo para a igualdade efectiva entre homes e mulleres”, que considera a incorporación de pautas favorecedoras da igualdade en políticas como a educativa, a artística e a cultural, o desenvolvemento rural, vivenda, deporte, cultura, ordenación do territorio, cooperación ao desenvolvemento e da sociedade da información. Entre as medidas postas en marcha nesta lei, inclúese a de favorecer con contratos públicos ás

empresas que contén con mulleres nos Consellos de Administración e nos postos executivos de máximo nivel.

Alén da normativa existente neste momento, cómpre sinalar outras iniciativas postas en marcha polo Instituto da Muller, como órgano impulsor das políticas de igualdade, que utilizan como soporte as TIC:

Programa C-TEST. Este proxecto ten como finalidade promover a formación en TIC como unha nova vía de inserción e mellora laboral para as mulleres, así como fomentar o seu uso para a adquisición doutros coñecementos e desenvolvemento laboral. Este programa pon a disposición das beneficiarias un Centro Virtual de Teleservizos de teletraballo e diversos cursos de teleformación.

E-empresarias.net. Portal enmarcado no Programa PAEM, desenvolvido xunto coas Cámaras de Comercio, que ofrece información e asesoramento en liña a mulleres para a creación de empresas.

Soy Empresaria. Trátase dun complexo virtual para fomentar e consolidar, a través das novas tecnoloxías, a actividade emprendedora e empresarial das mulleres. A través do Complexo Virtual pódese acceder a servizos de actualidade, foros, intercambio de experiencias, biblioteca virtual e a toda unha serie de espazos útiles para o desenvolvemento da actividade empresarial das mulleres.

EUROPA

Dende a conferencia das Nacións Unidas sobre a Muller celebrada en Beijing en 1995, resaltouse a necesidade de incorporar a perspectiva de xénero nas iniciativas de inclusión da Sociedade da Información, co obxectivo de equilibrar a relación entre ambos os dous sexos e fomentar o progreso social.

No ano 2005 o Consello Europeo, pon en marcha a iniciativa *"2010: a sociedade da información e os medios de comunicación ao servizo do crecemento e o emprego"*. Este programa ten como obxectivo desenvolver unha sociedade da información onde homes e mulleres teñan as mesmas oportunidades de formación e coñecemento, igualdade que xerará unha mellor calidade de vida global e facilitará a conciliación da vida laboral e persoal tanto para homes como para mulleres, ademais da concepción e regulamento das actividades laborais baseadas no teletraballo.

Comparativa da situación das mulleres nas empresas TIC a nivel autonómico, estatal e internacional

GALIZA

Segundo os datos facilitados polo Observatorio Galego da Sociedade da Información, o nivel de emprego das empresas do sector TIC medrou un 21,64% no ano 2007, ao pasar dos 11.934 traballadores en 2006 aos 14.516 en 2007.

En canto aos profesionais do sector galego das novas tecnoloxías, estes caracterízanse por seren homes con idade comprendida entre os 25 e os 40 anos e con titulacións universitarias superiores (34,01%) e medias (15,11%). A presenza de persoal procedente da Formación Profesional é, en termos relativos, a terceira parte da dos universitarios (un 16,7%) con ampla maioría dos ciclos formativos superiores (11,81%) fronte aos medios (4,89%).

Tendo en conta a cuestión de xénero, só unha cuarta parte do persoal empregado son mulleres. Esta distribución non é homoxénea segundo o nivel de titulación. Nos titulados universitarios mantense a proporción 75% contra 25%. Nos titulados en formación profesional achégase practicamente a un 80% contra un 20%. Nos titulados superiores ou medios sen formación TIC prodúcese un equilibrio que leva a proporción a, aproximadamente, un 52% fronte a 48%.

Segundo os datos do OGSÍ para o 2007, as mulleres só representan o 26% deste sector, desempeñando fundamentalmente labores administrativos (64% mulleres) mentres que as altas xerarquías e as labores técnicas das empresas están acaparadas polos homes. Nos cargos directivos as mulleres só representan un 13% do total, e nos postos de maior especialidade non superan en ningunha das ramas o 30%, como é o caso dos técnicos informáticos (26%), I+D+I (17%), electrónicos (18%) ou de redes e telecomunicacións (13%).

Con respecto á formación TIC en Galiza, as mulleres galegas³, seguen a optar por elixir as opcións tradicionais tanto nas modalidades de bacharelato, formación profesional ou titulacións universitarias.

A pesar de seren maioritarias nas opcións de bacharelato de humanidades (68%) e de ciencias sociais (54%), as mulleres non chegan ao 45% no caso do itinerario de técnico industrial.

Nos ciclos de formación profesional ocorre practicamente o mesmo: as mulleres son maioría nos estudos relacionados coa administración (78%), a sanidade (84%) e a

3 *As Mulleres no Sistema Educativo de Galicia: situación actual* – Unidade de Muller e Ciencia

imaxe persoal (98%). Pola contra, chegan tan só a un 23% no bacharelato tecnolóxico e menos dun 8% nos estudos de formación profesional relativos á tecnoloxía.

No relativo á educación universitaria, naquelas titulacións nas que a tecnoloxía xoga un papel primordial, en especial nas enxeñarías, as diferenzas entre homes e mulleres son moi elevadas: o número de mulleres non alcanza o 20% en especialidades como enxeñaría Informática e enxeñaría Industrial, dato que se mantén desde os últimos dez anos.

ESPAÑA

Un estudo elaborado polo Ifema e por Infoempleo.com no ano 2005, denominado “Muller Profesional e Sectores Económicos.TIC”, revela que tan só un de cada cinco postos informáticos está ocupado por unha muller. No caso das empregadas do sector tecnolóxico só hai unha muller por cada dez postos directivos.

Este estudo afirma que o peso das mulleres no sector das Tecnoloxías da Información é similar ao que representan as empregadas do conxunto de sectores da economía española, un 34,5% do cadro de persoal. Sen embargo, as súas funcións están ligadas en maior medida ás áreas de atención ao cliente e márketing que ás de dirección xeral ou aos departamentos de informática. Como mostra disto, pode dicirse que a porcentaxe de homes que traballan nos departamentos técnicos nunha empresa tecnolóxica supera o 82%.

Do mesmo xeito que no resto de actividades económicas, a presenza da mulleres nas empresas das Tecnoloxías da Información e Comunicacóns diminúe a medida que sobe a categoría profesional. As mulleres representan o 40% na categoría de postos operativos, o 24% na de técnicos, o 20% na de mandos intermedios e o 11% na de dirección.

“Muller Profesional e Sectores Económicos TIC”, tras medir a participación das mulleres nos órganos de decisión das empresas sinala que as traballadoras están presentes no 22% dos consellos de administración e no 19% dos comités directivos. As áreas das empresas de Tecnoloxía da Información onde hai unha maior porcentaxe de directivas son calidade, atención ao cliente, auditoría e organización. Nas áreas de Informática, Servizos Xerais e Produción é onde se aprecia o menor número de mulleres.

Tendo en conta os datos do Observatorio Salarial de ICSA para o ano 2006, no sector TIC as mulleres ocupan o 12,2% dos cargos directivos, o 24,8% dos cargos intermedios e o 14,4% dos postos técnicos, dato que se mantén con respecto ao ano 2005. Este observatorio afirma que en relación ás posicións directivas, as mulleres parecen ter máis oportunidades na mediana empresa, onde ocupan o 24,1% destes postos, fronte ao 10,7% na gran empresa e o 4,9% na pequena. No caso dos cargos intermedios e os postos técnicos é na pequena empresa onde se atopa unha porcentaxe maior de mulleres.

O ICSA afirma que entre as posicións directivas do sector TIC español, a maioría das mulleres (66,7%) e dos homes (66,3%) teñen entre 30 e 40 anos, mentres que un 33,3% de mulleres e un 30,2% de homes teñen máis de 40 anos e tan só un 3,5% de

homes e ningunha muller teñen entre 24 e 30 anos. Entre os cargos intermedios, de novo son maioría as porcentaxes de mulleres e homes entre 30 e 40 anos (51,9% e 57,3% respectivamente). Neste caso tamén é alta a porcentaxe de persoas de entre 24 e 30 anos (40,7% mulleres e 26,8% homes). Pola contra, entre as posicións técnicas a maior parte das mulleres (77,8%) e dos homes (67,3) ten entre 24 e 30 anos, sendo case nula a presenza de persoas maiores de 40 anos.

La Salle, da Universidade Ramon Llull de Barcelona, presentou no 2007 un estudo denominado *MullerTIC*, no cal entrevistou a 100 antigas alumnas da Escola Técnica Superior de enxeñaría Técnica e Informática. Respecto ao salario, o 69% das mulleres considera que non é xusto en relación co traballo que desenvolven, sendo un 49% as que afirman que non é adecuado respecto ao mercado. O 38% cree que isto se debe ao sistema de retribución da súa empresa, o 33% pensa que o motivo se debe a que o mercado laboral ofrece salarios baixos en xeral e un 17% considera que o salario non é xusto polo feito de ser muller.

No mesmo informe tamén se afirma que a distancia salarial entre homes e mulleres redúcese no sector das TIC, onde elas poden cobrar un 8,5% menos que os seus compañeiros varóns, mentres que a diferenza salarial media no estado español é do 16,5%.

Entre os cargos directivos, as maiores diferenzas de retribución atópanse nas grandes e medianas empresas, onde o salario medio das mulleres é uns 7000€ menos que o dos homes. Esta diferenza entre os salarios do persoal directivo diminúe nas pequenas empresas TIC, onde a media salarial masculina é de 50.929€, fronte aos 47.525€ das mulleres. Nos postos técnicos aprécianse menores diferenzas salariais,

sobre todo nas grandes empresas (24.655€ como media salarial masculina e 24.120€ a feminina). Nas pequenas empresas a cifra é de 21.663€ para os homes e 21.193€ para as mulleres.

No sector das telecomunicacións é onde os salarios son normalmente máis altos, tanto para homes como para mulleres, aínda que tamén se observan maiores diferenzas salariais entre eles. Os sectores da informática, electrónica e consultoría TIC ofrecen salarios similares ás mulleres en relación con outros sectores. Por último no sector de audiovisuais, os salarios son máis baixos para ambos os sexos en relación co resto de sectores TIC, agás no caso dos cargos intermedios.

EUROPA

A nivel europeo, o sector das TIC supón un 5,3% do PIB da Unión Europea e un 4% dos seus postos de traballo. O seu crecemento aínda está por riba da media e segue a ser o sector máis innovador e intensivo en investigación da UE.

Con respecto á representación das mulleres, a proporción das diplomadas en informática diminuíu dun 25% en 1998 a un 22% en 2006, estando considerablemente por detrás de países como Canadá, Estados Unidos ou Corea do Sur. A proporción de mulleres que traballan nas TIC na UE é moi variable e vai desde un 6% en Luxemburgo até un 41% en Lituania. Por outro lado, o número de mulleres que acadan posicións directivas é moi baixo, tendo en conta que o 66% das empresas de telecomunicacións non contan con mulleres entre os seus directivos. No caso de 14

grandes empresas do ámbito das TIC, menos dun 10% dos membros do Consello de Administración son mulleres, e nas telecomunicacións a cifra só chega ao 6%.

O informe *ITCs and Gender*, elaborado pola OCDE no ano 2007 fai referencia á importancia do papel da muller nos altos postos directivos da empresas TIC:

“Desde o punto de vista da eficiencia, é preciso que as mulleres participen na actividade económica a todos os niveis, desde a fase de toma de decisións á de execución, e isto está a se facer cada vez máis urxente á luz da presión demográfica e ao envellecemento da poboación na maioría dos países da OCDE. É máis, é preciso asegurar unha ampla base de habilidades TIC para canalizar e capacitar o crecemento relacionado coas TIC e os beneficios produtivos, contribuíndo significativamente ao deseño de novos produtos e ampliar a base de persoas usuarias”.⁴

Segundo o estudo “Women in ITC”, publicado pola Comisión Europea en xaneiro de 2008, a nivel universitario, a diferenza entre o número de homes e mulleres que optan pola ciencia, tecnoloxía e as TIC é moi ampla. Os índices de representación das mulleres en formación superior de terceiro ciclo son máis altos entre mulleres que homes, excepto en Liechtenstein e Turquía. A superioridade das mulleres está moi marcada en países como Dinamarca, Estonia, Letonia, Lituania, Malta, Eslovenia e Islandia.

Aínda que a tendencia da educación de formación de terceiro ciclo mostra un incremento xeral no número de mulleres con educación superior, en sectores específicos como a informática e a enxeñaría, os homes superan as mulleres.

⁴ OECD (2007): *ICTs and Gender*. Working Party on the Information Economy, OECD; Directorate for Science, Technology and Industry. Committee for Information, Computer and Communication Policy, 29-mar (p.5)- tradución do Observatorio e- Igualdad.

Un estudo da UNESCO mostra que a porcentaxe de mulleres graduadas en ciencia e tecnoloxía en Europa varía desde o 44% en Estonia até simplemente o 22% en Noruega. Na maioría dos países do Este Europeo considerados no estudo da UNESCO (Estonia, Bulgaria, Romanía, Polonia e Letonia), a porcentaxe de mulleres graduadas en ciencia e tecnoloxía está situada por riba da media da Unión Europea (33%), mentres que Austria (23%), Alemaña (24%) e Francia (28%) están situadas por baixo da media da UE.

As mulleres melloraron as súas credenciais educativas e forman unha bolsa de cualificación que os empresarios aproveitan por uns salarios máis baixos e en condicións máis inestables que os homes, ademais de contaren con menos posibilidades de promoción a postos de responsabilidade dentro da empresa. Predominan os empregos temporais e a tempo parcial e medran no autoemprego.

A pesar do aumento do emprego feminino, a discriminación vertical persiste e mulleres e homes acceden a ocupacións distintas. As mulleres concéntranse nos empregos indirectos, tendo en conta que as categorías de profesionais técnicas, administrativas e executivas son as que aumentan máis rápido. As categorías de empresarias directivas e as de operarios cualificados mantéñense como masculinas. As ocupacións non cualificadas feminízanse a pasos axigantados.

CAPITULO 2

A MULLER NO ÁMBITO PROFESIONAL DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN

Introdución

Este segundo bloque trata de ofrecer unha visión global da situación e características das empresas galegas TICs que contan no seu cadro de persoal cunha significativa representación de mulleres. Por unha parte ofreceranse datos relativos a aquelas empresas que teñen unha ou varias mulleres ocupando postos directivos, e por outra banda estudaranse as empresas TICs onde a maioría do seu persoal, indistintamente do seu posto, son mulleres.

Para tratar de obter uns datos sobre os que poder construír unha teoría sólida, o Observatorio Galego da Sociedade da Información (OGSI) dependente da Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información da Consellaría de Innovación e Industria, realizou unha enquisa a un total de case 400 empresas galegas, da cal se extraeron os datos que se presentan a continuación.

Datos das empresas

Actividades principais e facturación das empresas TIC

Segundo os datos extraídos deste estudo, as empresas que contan con algunha muller na dirección, teñen como actividades principais os servizos de consultoría (50%), desenvolvemento de produtos software (47%) e servizos de integración de sistemas de información (36%). As actividades que menos desenvolven este tipo de empresas son a venda polo miúdo de informática e os servizos de telecomunicacións.

Nas empresas TICs galegas onde a maioría do cadro de persoal son mulleres, as actividades principais están no campo do desenvolvemento de produtos software (52%), seguido dos servizos de consultoría (50%) e servizos de software (45%).

Con respecto á facturación, o tecido empresarial TIC galego correspóndese con pemes e micropemes, sendo o 78,20% as que facturan anualmente por debaixo dos 600.000€. Nas empresas onde a maioría son mulleres, o 64,30% das mesmas facturan por debaixo desa cantidade.

O 30% das empresas que contan con mulleres na dirección facturan entre 1 e 3 millóns ao ano, dato que resulta significativo en comparanza co 17% da totalidade de empresas TICs galegas que acadan esta cifra de produtividade.

Persoal das empresas TIC

Traballadores de empresas TIC

A nivel global do sector TIC galego, o 73,8% dos traballadores son homes e o 26,2% son mulleres. Destes traballadores, o 75,1% dos homes e o 24,9% das mulleres ocupan postos de traballo directamente relacionados coas Tecnoloxías da Información e Comunicación.

É de destacar que nas empresas onde as mulleres ocupan algún posto directivo, a porcentaxe de traballadoras mulleres chega case ao 40% e o 60% restante son homes.

Nas empresas onde o cadro de persoal está formado maioritariamente por mulleres, estas ocupan só 53% dos postos de traballo, fronte ao 47% para homes.

Distribución do cadro de persoal segundo CNAE e sexo

Tendo en conta a distribución por CNAE e sexo nas empresas TICs galegas, pode dicirse que a maioría de mulleres asalariadas se atopan naquelas empresas de actividades encadradas nos CNAE “72- Actividades informáticas” e “32- Fabricación de material electrónico (aparells de radio, tv e comunicación), seguidos do “64.2 Telecomunicacións”.

As maiores diferenzas segundo o sexo están nos CNAE “30- Fabricación de máquinas de oficina e equipos electrónicos” e “31- Fabricación de maquinaria e material electrónico”, onde as mulleres non chegan a representar nin sequera o 15% do persoal contratado.

EMPRESAS TIC CON ASALARIADOS/AS: DISTRIBUCIÓN DO CADRO DE PERSOAL
SEGUNDO GRANDES GRUPOS DA CNAE POR SEXO

CNAE		Homes	Mulleres	Total	
		%	%	%	N
30	Fabricación de máquinas de oficina e equipos electrónicos	85,6	14,4	100,0	90
31	Fabricación de maquinaria e material electrónico	88,4	11,6	100,0	802
32	Fabricación de material electrónico (aparells de radio, televisión e comunicación)	70,9	29,1	100,0	402
64.2	Telecomunicacións	74,8	25,2	100,0	1.425
72	Actividades informáticas	67,5	32,5	100,0	2.363
TOTAL		73,5	26,5	100,0	5.082

Base: total de empresas TIC con asalariados/as
Fonte: Enquisa OGSÍ a empresas TIC. Ano 2007.

Distribución da titulación dos empregados TIC

Segundo a titulación que posúen os traballadores do sector TIC galego, a media de traballadores cunha titulación TIC superior é do 75% para homes e do 25% para mulleres. O número de mulleres con titulación TIC superior vese diminuído nas empresas encadradas nos CNAEs: fabricación de máquinas de oficina e equipos electrónicos (12,5%), fabricación de maquinaria e material electrónico (20%), fabricación de material electrónico (aparells de radio, tv e comunicación) (18,3%), e telecomunicacións (21,8%). Tan só nas empresas de actividades informáticas o 28,5% dos titulados TIC superiores son mulleres.

No caso de traballadores con titulacións TICs medias a porcentaxe de mulleres contratadas diminúe de maneira significativa en tódolos CNAEs, agás no sector das telecomunicacións onde os homes titulados medios representan o 75,4% e as mulleres o 24,6%.

Tendo en conta os traballadores con titulacións superiores ou medias non TICs, as diferenzas entre homes e mulleres contratados son menos significativas. Pode dicirse que as porcentaxes achéganse ao 50% para homes e mulleres.


DISTRIBUCIÓN POR SEXO E GRANDES GRUPOS DA CNAE SEGUNDO TITULACIÓNS

	Fabricación de máquinas de oficina e equipos electrónicos				Fabricación de maquinaria e material electrónico				Fabricación de material electrónico (aparatos de radio, televisión e comunicación)				Telecomunicaciones				Actividades informáticas			
	Homes	Mulleres	Total %	N	Homes	Mulleres	Total %	N	Homes	Mulleres	Total %	N	Homes	Mulleres	Total %	N	Homes	Mulleres	Total %	N
Titulación TIC superior	87,5	12,5	100	8	80,0	20,0	100	30	81,7	18,3	100	71	78,2	21,8	100	665	71,5	28,5	100	741
Titulación TIC media	96,0	4,0	100	25	86,0	14,0	100	43	82,9	17,1	100	41	75,4	24,6	100	167	76,1	23,9	100	397
Titulación TIC Ciclos superiores	71,4	28,6	100	7	100,0	0,0	100	10	81,3	18,8	100	80	88,2	11,8	100	17	77,2	22,8	100	412
Titulación TIC Ciclos medios	100,0	0,0	100	13	100,0	0,0	100	29	89,3	10,7	100	28	75,0	25,0	100	4	83,3	16,7	100	144
Titulacions superiores ou medias non TIC	50,0	50,0	100	2	56,7	43,3	100	30	60,0	40,0	100	20	56,6	43,4	100	83	48,6	51,4	100	251
Outras titulacions ou sen titulacion	77,1	22,9	100	35	90,6	9,4	100	445	53,4	46,6	100	148	73,8	26,2	100	298	54,0	46,0	100	211
TOTAL	85,6	14,4	100	90	88,6	11,4	100	587	70,4	29,6	100	388	75,4	24,6	100	1234	69,9	30,1	100	2156

Base: empresas TIC con asalariado/as
 Fonte: Enquisa OGSÍ a empresas TIC. Ano 2007

Analizando os datos de distribución das titulacións para as empresas que posúen algunha muller en postos de dirección, a porcentaxe de traballadores que teñen unha titulación TIC superior é do 53% para eles e o 47% para elas.


Para ese mesmo grupo de empresas, se observamos os traballadores con titulación superior non especializada no sector TIC, as mulleres son grande maioría cun 70% de contratadas.



*Base: Total de empresas TIC con mulleres na dirección
Fonte. Enquisa OGSÍ a empresas TIC 2007*

Tendo en conta aquelas empresas que contan cun cadro de persoal composto maioritariamente por mulleres, cabe sinalar que o máis destacable é o número de mulleres empregadas que están formadas en ciclos superiores, as cales suman o 77% do total fronte ao 23% de homes. Por outra parte, do total de traballadores que teñen outras titulacións superiores ou medias non TIC, é significativo sinalar que o 67% das mulleres se atopan neste caso fronte ao 33% dos homes.

Con respecto, ao número de traballadores que posúen unha titulación TIC superior ou media, os datos son bastante equitativos, sendo para o primeiro caso o 54% de homes e o 45% de mulleres e para titulacións TIC medias a porcentaxe é do 50% para ambos os sexos.



Base: Total de empresas TIC con plantilla formada maioritariamente por mulleres
 Fonte: Enquisa OGSÍ a empresas TIC 2007

Distribución dos postos de traballo nas empresas

No relativo aos postos que ocupan os traballadores na empresa, é onde se atopan as maiores diferenzas entre ambos os dous sexos.

Os postos de dirección están maioritariamente ocupados por homes na totalidade de empresas TIC galegas (representando o 87%).

Tendo en conta a distribución dos postos directivos segundo os CNAEs TICs, cabe sinalar que os homes ocupan máis do 80% en todos eles, e as mulleres en ningún caso chegan ao 18%.

Dentro das empresas dedicadas á fabricación de máquinas de oficina e equipos electrónicos, os postos de dirección, comerciais e márketing, electrónica e I+D+I están ocupados no 100% das empresas por homes. Nos postos de redes e telecomunicacións así como nos de deseño, contidos e comunicacións a porcentaxe de mulleres é inferior ao 10%.

Naquelas empresas que fabrican maquinaria e material electrónico, as mulleres son minoría nas áreas de dirección, informática, electrónica, deseño, contidos e comunicación así como en I+D+I, onde non chegan a representar en ningún caso máis do 16% dos postos de traballo en cada un de ditos departamentos. Dentro deste CNAE destaca que o 41% do persoal comercial e márketing son mulleres, unha ampla porcentaxe comparado co resto de áreas da empresa.

A representatividade das mulleres é menor do 19% nos departamentos directivos, redes e telecomunicacións, informática e I+D+I naquelas empresas que se adican á fabricación de material electrónico (aparells de radio, televisión e comunicación). Cómpre sinalar que este CNAE é o que contempla o maior índice de mulleres en postos directivos, no que as directivas ocupan o 17,4% dos postos.

Nas empresas de telecomunicacións as funcións de electrónica están ocupados na súa totalidade por homes, seguido das de dirección onde as mulleres só representan o 5,9% dos postos. Cabe mencionar que no departamento comercial e de márketing as diferenzas de sexo son menores, ocupando as mulleres case o 33% dos postos.

Tendo en conta as empresas que desenvolven actividades informáticas, a menor representatividade de mulleres está reflexada nos postos de electrónica, redes e telecomunicación seguidos dos cargos directivos. É destacable que neste colectivo de empresas, o departamento comercial e márketing está representado de igual maneira por homes e por mulleres (50% para cada sexo). Na área de deseño contidos e comunicación a porcentaxe de mulleres empregadas supera á de homes, sendo dun 51,7% para elas e o 48,3% para eles.

En contraposición aos datos sinalados anteriormente, os departamentos de administración dos cinco CNAEs estudados están maioritariamente ocupados por mulleres, agás no caso do sector de fabricación de maquinaria e material electrónico onde os homes ocupan o 55,4% dos postos fronte ao 44,6% de mulleres. Nas empresas adicadas á fabricación de máquinas de oficina e equipos electrónicos (77,8%), actividades informáticas (75,5%) e telecomunicacións (66,7%) é onde se ve claramente que os postos administrativos están desenvolvidos por mulleres.


DISTRIBUCIÓN DE TRABALLADORES/AS POR FUNCIÓNS SEGUNDO GRANDES GRUPOS DA CNAE E SEXO

	Fabricación de máquinas de oficina e equipos electrónicos				Fabricación de maquinaria e material electrónico				Fabricación de material electrónico (aparatos de radio, tv e comunicación)				Telecomunicaciones				Actividades informáticas			
	Home s	Muller es	Total %	N	Home s	Muller es	Total %	N	Home s	Muller es	Total %	N	Home s	Muller es	Total %	N	Home s	Muller es	Total %	N
Dirección	100,0	0,0	100	3	83,3	16,7	100	24	82,6	17,4	100	23	94,1	5,9	100	17	87,2	12,8	100,0	180
Persoal comercial e marketing	100,0	0,0	100	5	58,8	41,2	100	17	73,3	26,7	100	15	67,1	32,9	100	82	50,0	50,0	100,0	146
Persoal redes e telecomunicaciones	90,9	9,1	100	11	75,0	25,0	100	4	95,8	4,2	100	24	81,2	18,8	100	101	91,6	8,4	100,0	107
Persoal de informática	80,0	20,0	100	5	84,6	15,4	100	13	81,3	18,8	100	16	70,0	30,0	100	20	73,3	26,7	100,0	909
Persoal de electrónica	100,0	0,0	100	4	90,7	9,3	100	54	71,6	28,4	100	134	100,0	0,0	100	5	93,4	6,6	100,0	61
Persoal de deseño, contidos e comunicación	92,9	7,1	100	14	90,9	9,1	100	22	0,0	0,0	0	0	75,0	25,0	100	4	48,3	51,7	100,0	87
Persoal de I+D+i	100,0	0,0	100	8	88,9	11,1	100	18	82,3	17,7	100	62	70,0	30,0	100	10	82,9	17,1	100,0	263
Persoal de administración	22,2	77,8	100	9	55,4	44,6	100	83	48,5	51,5	100	33	33,3	66,7	100	33	24,5	75,5	100,0	147
Outros	90,3	9,7	100	31	94,2	5,8	100	554	58,9	41,1	100	95	34,6	65,4	100	26	57,2	42,8	100,0	138
TOTAL	85,6	14,4	100	90	88,3	11,7	100	789	70,9	29,1	100	402	67,8	32,2	100	298	70,0	30,0	100,0	2038

Base: empresas TIC con asalariado/as
Fonte: Enquisa OGSi a empresas TIC. Ano 2007


Desagregando os datos anteriores para aquelas empresas nas que hai algunha muller na dirección, as diferenzas máis significativas atópanse igualmente nos postos de redes, onde as mulleres ocupan só 5% dos postos, así como nos de I+D+I, onde ocupan o 23%. Pola contra, o departamento de deseño distribúese ao 50% entre mulleres e homes.

A maioría dos postos ocupados por mulleres atópanse na área comercial e na de administración.



Base: Total de empresas TIC con mulleres na dirección
Fonte. Enquisa OGSÍ a empresas TIC 2007

Nas empresas onde máis do 50% de traballadores son mulleres, os postos nos cales se atopan as maiores diferenzas de sexo son os de comerciais, ocupados nun 75% por mulleres, así como no departamento de deseño, onde representan o 80%.



Base: Total de empresas TIC con maioría de mulleres
Fonte. Enquisa OGSÍ a empresas TIC 2007

Formación

Formación e e-learning na empresa TIC

Na maioría das empresas enquisadas desenvólvense actividades de formación para traballadores, sendo o método máis utilizado o e-learning. Cómpre sinalar que naquelas empresas onde se conta con mulleres na dirección se lle dá máis importancia á formación na empresa, investindo máis esforzos neste campo.

Como dato significativo, o 50% das empresas TICs empregan o teletraballo, mentres que naquelas empresas con mulleres na dirección esta cifra acada o 65%.

Servizos TIC

Páxinas web das empresas

O 76% das empresas TIC galegas con maioría da plantilla composta por mulleres dispón de páxina web, incrementándose esta porcentaxe até o 89% para aquelas empresas que contan con mulleres na dirección.

Tanto para o caso das empresas con maioría de mulleres como as empresas con mulleres na dirección, o principal idioma da páxina web é o castelán, con porcentaxes do 81% para as empresas con cadro de persoal representado por maioría de mulleres e o 72% para as empresas con mulleres na dirección. Este último colectivo de empresas emprega o galego en maior medida (24%) como idioma principal da páxina web. Unha pequena porcentaxe destas entidades utilizan o inglés como idioma principal da páxina web.

Nestas páxinas web os principais idiomas en que existe versión son o castelán, seguido polo galego e o inglés. En moita menor medida, con baixas porcentaxes aparece o portugués, utilizado polo 6% do total de empresas TIC, e polo 4% para empresas con mulleres na dirección. O francés é escollido polo 3% das empresas con

maioría mulleres, mais non se contempla naquelas empresas onde hai mulleres directivas.

CAPITULO 3

A PERCEPCIÓN DA MULLER NA EMPRESA TIC

Introdución

O obxectivo deste terceiro capítulo é coñecer e recoller o sentir da realidade das mulleres na empresa TIC dende un punto de vista cualitativo, para tratar de ofrecer unha visión global deste colectivo con respecto ao sector das novas tecnoloxías da información e da comunicación.

A partir da realización dun foro de discusión onde participaron 15 mulleres e de entrevistas a outras 30 profesionais do sector das novas tecnoloxías, tratouse de afondar en temas como a discriminación da muller empregada no sector das TIC, as dificultades da conciliación da vida familiar e laboral, o seu grao de satisfacción tanto no traballo como no salario e a utilización das novas tecnoloxías tanto no ámbito laboral como fóra del. A continuación expoñemos as conclusións recollidas.

Ficha técnica das entrevistas

Nivel de estudos

A maior porcentaxe das mulleres entrevistadas e participantes do foro teñen un perfil formativo non relacionado en gran medida coas TICs, posto que a maioría cursaron estudos de enxeñería técnica naval, licenciaturas en filoloxía galega, ciencias da comunicación, historia e química do medio ambiente, entre outras titulacións. Os cargos que ocupados nas empresas por traballadoras con esta formación son os de deseño, contidos e comunicación, ademais de comerciais e márketing.

Aquelas que contan con formación específica no campo das TICs proveñen principalmente de enxeñarías técnicas e superiores en informática. Estas mulleres ocupan postos de mando intermedio ou dirección nas empresas TIC.

Aproximadamente a quinta parte das mulleres entrevistadas realizaron estudos de formación profesional, cursando ciclos superiores específicos no campo das novas tecnoloxías como ciclos superiores de desenvolvemento de aplicacións informáticas, bases e fundamentos de programación, linguaxe SQL, C++ e Visual Basic e ciclos superiores en administración de sistemas informáticos. Por outra banda, hai mulleres

que traballando no sector TIC están formadas noutro tipo de ciclos formativos non relacionados coas novas tecnoloxías da información e comunicación como son os de gráfica publicitaria e información e comercialización turística.

Formación complementaria

As 30 mulleres entrevistadas realizaron formación específica complementaria neste sector, non conformándose unicamente coa formación profesional ou universitaria.

Na grande maioría dos casos estas mulleres con formación universitaria escollen a realización de cursos de postgrao e másters para completar os seus coñecementos. Podemos destacar o *Máster en creación e comunicación dixital*, *Máster en deseño gráfico publicitario*, *Postgraduado en Comunicacions e desenvolvementos multimedia*, así como outros cursos relacionados para o desempeño de postos directos na empresa tales como *cursos de dirección de empresas TIC*, *cursos de accesibilidade web e usabilidade*, *cursos de deseño*, *cursos de xestión de RRHH*, *cursos de estratexia publicitaria* ou *planificación de medios* entre outros.

Ademais, tanto as que teñen formación profesional, como as que proveñen doutras especialidades universitarias non relacionadas directamente coas TIC ou as que teñen formación universitaria TIC, teñen no seu currículo unha ampla cantidade de horas empregadas na formación complementaria tendo realizados moitos e variados cursos formativos, de xestión de contidos, HTML, PHP, accesibilidade e usabilidade web, CSS, deseño web, trato e relación co cliente, programación, paquete Office, manexo de Photoshop, deseño gráfico, Adobe Illustrator, Quarkxpress, Freehand, implantación de

novas tecnoloxías nas Pemes, maquetación, protocolo, documentación, creación e avaliación de páxinas web, formas de ataque e defensa en redes TCP/IP, técnicas do Firewaling, programación da Internet en teléfonos móbiles (tecnoloxías WAP). Os indicadores reflicten que as mulleres tamén se inclinan por realizar cursos de xestión de calidade e mellora continua, en dirección de comunicación e educación para o consumo.

O método empregado para acadar esta formación é a través da rede, cursos en liña, que facilita a conciliación formativa co ámbito laboral.

Postos que ocupan na empresa

Tendo en conta os postos de traballo que ocupan as mulleres entrevistadas, a maioría encádranse dentro de postos operativos ou mandos intermedios desenvolvendo o seu labor no departamento de deseño, contidos e comunicación.

Unha pequena parte das entrevistadas ocupan postos de deseñadoras, redactoras ou postos de maior rango como coordinadoras de proxectos ou de contidos. Unha parte moi pouco representativa das mulleres participantes está empregada en postos informáticos ou comerciais.

Os cargos directivos están, practicamente, desempeñados por homes, e só o 14% das mulleres participantes neste estudo desempeñan estes cargos. Un claro indicativo de que non variou a situación desde hai moitos anos, as mulleres seguen a desempeñar postos operativos ou mandos intermedios.

Á marxe do posto que desempeñan cada unha das mulleres entrevistadas, cómpre sinalar, nalgúns casos, as grandes diferenzas entre o que di o contrato laboral e o traballo que realmente se fai, así contratos de “programación júnior” convértense en traballo de “deseño” ou de “auxiliar de dependencia”. A realización de múltiples tarefas que non teñen relación co obxecto laboral é unha práctica común no sector.

A situación xeral das empresas onde traballan as mulleres participantes neste proxecto, vén definida pola escasa representación de mulleres en función do número de traballadores totais, que en ningún caso chega ao 50%.

Este feito vén dado polo escaso número de mulleres que se decantan por escoller formación universitaria ou formación profesional no campo das novas tecnoloxías da información, converténdose nun sector de supremacía masculina.

Aquelas mulleres entrevistadas que ocupan postos directivos dentro da empresa, afirman que á hora de seleccionar persoal para cubrir postos de traballo TICs, non se presentan candidatas mulleres para cubrir os perfís que se procuran.

Concordan os postos coa cualificación das mulleres?

Baremos de ingresos

A remuneración das mulleres nas empresas TICs non é diferente a outros sectores socioeconómicos. O grao de insatisfacción é destacable e repercute no seu compromiso co proxecto empresarial.

O salario típico das mulleres participantes neste proxecto non chega aos 1.000€ líquidos mensuais. Neste importe, segundo afirman, chégase a incluír o prorrateo das pagas extras.

Destas mulleres, as que desempeñan os cargos de coordinación de contidos e proxectos, o persoal de informática e do departamento comercial e de márketing, son as que teñen os salarios máis elevados, entre os 1.000€ e os 2.000€. Quedan nunha pequena porcentaxe os soldos de maior contía, entre 2.000€ e 3.000€, para aquelas que ocupan cargos directivos.

Grao de satisfacción do traballo e do salario

A maioría das mulleres mostra unha opinión de medio a pouco satisfeita. En relación ao traballo que desenvolven a súa opinión é bastante satisfactoria, mais en canto ao salario consideran que é demasiado baixo.

Moitas afirman non realizar as tarefas específicas do seu posto, mais a maioría di gustar tanto do traballo como das tarefas que desempeñan e destacan o bo ambiente de traballo.

En relación ao salario, a maioría afirma que non se adapta á súa categoría profesional e, en maior medida, ao desempeño das súas funcións na empresa. Describen como “inxusta” esta situación e ao mesmo tempo opinan que é común en calquera posto de traballo, algo xeralizado nas empresas, sexan ou non TIC.

As mulleres con maior grao de satisfacción son aquelas que perciben entre 1.000 e 2.000€, mais queda constatada a insatisfacción na relación traballo-salario e a satisfacción no traballo.

Discriminación positiva no ámbito laboral

En relación ao grao de satisfacción das mulleres do sector das TIC respecto ás responsabilidades desenvolvidas na empresa, máis do 60% din sentirse satisfeitas

coas súas tarefas. Afirmen que se senten realmente realizadas e motivadas cando os proxectos e tarefas se desenvolven e finalizan con éxito.

Respecto ás responsabilidades que exercen, afirman sentir preferencia por algunhas, tendo en conta que non se senten motivadas cando lles encomendan a realización de tarefas que nada teñen que ver cos seus postos de traballo.

As mulleres das empresas TIC tamén aprecian o recoñecemento por parte dos seus superiores no desempeño das súas tarefas e din sentirse valoradas, sendo unha porcentaxe de máis do 60% as que senten que os seus xefes aprecian o traballo realizado, aínda en ningún momento isto se indique por parte dos superiores.

Onde coinciden todas aquelas mulleres que ocupan cargos operativos ou intermedios é no empeño e na vontade que teñen de ascender e de se superar, ademais das ansias por conseguir realizar traballos acordes coa súa formación e non funcións inferiores que non lles corresponden.

Con respecto aos compañeiros, son practicamente a totalidade das mulleres participantes as que din sentirse valoradas ou moi valoradas polo resto de traballadores da empresa. Comentan sentirse valoradas e apoiadas, compartindo opinións sobre o desenvolvemento de proxectos e tarefas co resto de compañeiros e compañeiras, que en moitos casos, segundo afirman, son solidarios á hora de indicarlles as características boas e malas dos proxectos que desenvolven.

Tan só un escaso 10% das mulleres se sente pouco valorada por parte do resto de empregados dos seus centros de traballo.

Estas cifras mostran que en xeral nas empresas de novas tecnoloxías o ambiente laboral é bo, non existindo sentimento algún de rexeitamento laboral de cara ás mulleres por parte dos seus compañeiros varóns.

Respecto á comparativa dos salarios de mulleres e homes dentro da empresa TIC, máis do 60% das mulleres afirma que ten a mesma retribución que os seus compañeiros varóns. Un 20% comenta que a súa retribución é inferior e o 20% restante prefire non dar a súa opinión sobre esta cuestión, posto que non coñecen con exactitude os salarios dos seus compañeiros varóns.

Situación da muller TIC

Tipos de contratos

Case o 70% das traballadoras están contratadas por tempo indefinido, un 14% conta cun contrato temporal e tan só un 7% ten contratos de obra, servizo ou en prácticas.

A diferenza doutros sectores, as mulleres que comezan a traballar nas empresas TIC teñen grandes posibilidades de quedar na empresa por tempo indefinido.

Progresión na traxectoria profesional

Outra das cuestións obxecto de estudo foi a progresión da traxectoria profesional durante a vida laboral, ben dentro da empresa actual ou ao longo do seu historial laboral.

A inmensa maioría mellorou as súas condicións na mesma empresa ao longo do tempo. Como exemplo, cabe destacar que unha parte das mulleres comezou con contratos en prácticas ou bolsas, e hoxe teñen contratos indefinidos e asumen postos operativos.

Tamén se presentan casos de mulleres empregadas no sector que levan un tempo na mesma empresa e afirman que aínda que non mudaron de categoría profesional, si foron mellorando tanto en responsabilidades como en salario. En grande parte dos casos, as mulleres que nun principio comezaron traballando baixo supervisión de superiores, pasaron a responsabilizarse de determinados proxectos de envergadura e de especial interese para a empresa.

Os ascensos e a mellora laboral dentro do propio departamento é practicamente nula, así como a mobilidade entre departamentos ou o acceso a postos de alta dirección.

Existe unha porcentaxe representativa de mulleres que non traballou antes en ningunha outra empresa, concretamente unha cifra ao redor do 30% do total das participantes. Este dato corrobora indicios dunha alta porcentaxe en contratacións indefinidas. Case o 60% das mesmas traballaron en menos de cinco empresas e unha pequena porcentaxe que non chega ao 10% traballou nun número de empresas superior a cinco.

Son estes datos significativos os que evidencian o nivel de oportunidades que se lle ofrecen ás mulleres nas empresas TICs.

Conciliación da vida laboral e familiar

Situación familiar

Ao redor dun 50% das traballadoras entrevistadas do sector non ten nin parella, nin fillos, nin persoas ao seu cargo. O outro 50% repártese entre as que conviven en parella e, aquelas que tendo parella aínda viven no domicilio familiar.

Á pregunta sobre as expectativas de ter fillos, respostan que é practicamente imposible por dúas razóns fundamentais: por unha parte os salarios non son demasiado elevados e por tanto é difícil chegar ao final do mes, e pola outra indican a dificultade de conciliar a vida familiar e a laboral debido ás longas xornadas laborais nas cales apenas contan con tempo propio.

Contratación de persoal externo para conciliación da vida social e familiar

Á hora de analizar se as mulleres do sector TIC entrevistadas precisan contratar persoal externo para a realización das tarefas do fogar, éstas din que non. Mais é

unha resposta negativa condicionada, posto que aquelas que viven soas ou en parella afirman que estarían encantadas de poder contratar unha persoa para axudar na realización das tarefas domésticas, aínda que a situación económica é o factor condicionante.

Compaxinar o traballo de dentro e de fóra da casa esixe grandes esforzos de “superación” e lles impide dispoñer de tempo para o lecer. Situación que provoca a comparación entre xéneros e na que indican que están en clara desvantaxe cos homes, que si poden dedicar tempo ao lecer ou ao descanso.

Convén salientar que a pesar de existir indicadores temporais de mellora na calidade de vida, como a flexibilidade horaria, a práctica totalidade das participantes opina que as tarefas e as responsabilidades no traballo requiren máis tempo do legalmente establecido e que o resultado é “que facer a compra é unha tarefa difícil”.

Realización das tarefas do fogar

Dado que a maioría de mulleres non pode contar coa contratación externa para a realización das tarefas do fogar, preguntóuselles sobre a maneira de poder compaxinalas co traballo.

Para aquelas mulleres do sector TIC que conviven en parella, na maioría dos casos comparten os labores domésticos, coa descrición de que “intenta compaxinalos coa parella” e nos casos onde a parella ten coincidencia coa súa xornada laboral ou que

esta é maior pola outra parte, aseguran que son elas as encargadas de realizar o traballo da casa.

As que comparten domicilio familiar, recoñecen que as tarefas as realiza o conxunto da familia, aínda que se senten implicadas e obrigadas a negociar as quendas de traballo.

Aquelas mulleres solteiras e sen parella que viven soas non teñen moitas máis posibilidades que compaxinar a vida laboral coa vida de fogar.

Utilización das TIC por parte das mulleres fóra do ámbito laboral

Preguntouse ás mulleres sobre a utilización das TIC fóra do ámbito laboral. A maioría das participantes recoñece que “as utilizan cada vez máis”.

A totalidade das mulleres do sector TIC de hoxe en día afirman que contan cun bo equipamento informático, que non é só un computador de sobremesa, senón que cada vez máis as mulleres levan permanentemente un computador portátil ou un teléfono móbil de última xeración, deixando constancia do uso continuado das TICs por parte das mulleres. Ademais indican que están á última na incorporación de avances tecnolóxicos para calquera dos seus soportes informáticos:

- *“Por suposto que si. Na miña casa conto cun bo ordenador, no cal vou actualizando as pezas pouco a pouco e utilízoo moi a miúdo para todo tipo de cousas, ao igual que facía antes de comezar a traballar no meu posto actual. Ademais do computador de sobremesa teño un computador portátil e unha impresora multifunción que é de moita axuda á hora de dixitalizar e copiar documentos. Así mesmo teño servizo de conexión á Internet no meu domicilio”.*

As mulleres do sector TIC afirman que as novas tecnoloxías se utilizan cada vez máis entre as mulleres, mais maioritariamente por parte daquelas con idade inferior aos 40 anos, e máis especialmente entre as novas xeracións:

- *"Pola miña experiencia propia penso que si. Non tanto a muller de idade media/avanzada mais entre as novas xeracións tanto os mozos coma as mozas teñen coñecementos e acceso similar ás novas tecnoloxías. Hoxe en día, o PC, o uso do correo electrónico, por citar algúns entre os máis usados, forman parte da vida cotiá, independentemente do sexo do usuario".*
- *"No meu caso concreto si. Considero que a diferenza está na idade de que esteamos a falar, a medida que a idade aumenta diminúe o uso da novas tecnoloxías".*
- *"Penso que si na franxa de mulleres de idade inferior aos 40 anos".*

Con respecto á educación e á formación, as mulleres entrevistadas acreditan que elas mostran un menor interese polo uso das novas tecnoloxías, mentres que os homes teñen máis inquietudes polas TIC, o que repercute nunha certa desigualdade. Ademais afirman que elas teñen que esforzarse máis neste campo que os varóns:

- *"Si, cada vez máis. Aínda que é certo que levamos o lastre da educación desigual, por iso sosteño que investimos máis esforzo para chegar ao mesmo nivel de manexo ca un home, que semella máis naturalizado coas novas tecnoloxías en xeral".*

- *"Cada vez se empregan máis, pero aínda as usamos moito menos que os homes, os cales son máis fanáticos dos aparellos innovadores".*

Opinión sobre a situación da muller empregada no sector das TIC

As mulleres entrevistadas opinan que a situación da muller empregada no sector das TIC, é unha situación de desvantaxe fronte aos homes, pero en ningún caso se senten discriminadas no seu ámbito laboral. Consideran que a situación está provocada porque son poucas as mulleres que elixen estudos profesionais para este sector, polo que está moi masculinizado.

Da mesma maneira, consideran que se trata dun sector novo que ofrece grandes oportunidades ás mulleres, aínda que din que á hora de acceder a postos directivos si están en situación moi inferior á dos homes:

•“En xeral, considero que a pesar das dificultades o das TIC non é un dos sectores en que a muller está máis desfavorecida. Son empregos xeralmente novos para os que existe un elevado número de profesionais cualificadas no

mercado laboral, que por norma xeral compiten en igualdade de oportunidades cos homes."

•"Ben é certo que iso é aplicable no que respecta ao acceso a postos baixos ou intermedios, se ben considero que a día de hoxe as vacantes en postos directivos seguen a estar na súa inmensa maioría reservadas para homes."

•"Non considero que as mulleres estean desfavorecidas no sector concreto das TIC, aínda que si pode pasar noutros sectores. No caso concreto da empresa na que traballo, aínda que agora non haxa mulleres en tarefas de programación ou I+D+I, si que as houbo noutros momentos. O mesmo pasa con postos correspondentes a mandos intermedios e/ou socias"

•"Penso que aínda hai unha certa masculinización do sector no tocante a postos técnicos, alén diso, considero a situación da muller e do home no sector TIC maiormente igual, semellante"

•"Creo que se trata dun sector con menor número de traballadoras que outros de similar especialización por causa da fenda dixital aínda perceptible an cuestión do xénero e do aínda menor número de mulleres tituladas en tecnoloxía. Vexo o sector inserido no conxunto dunha realidade socioeconómica que continúa sendo desigual e na que as mulleres continúan a vivir condicións opresivas".

Con independencia do perfil profesional, as 30 entrevistadas salientan a discriminación existente nos postos de dirección e a dificultade coa que se atopan para chegar a este niveis. Afirman que á hora de acceder a postos directivos elas téñeno moito máis

complicado, tendo que facer un maior esforzo e renunciar a gozar de tempo para a súa vida persoal. A pesar disto, sinalan positivamente que cada vez máis este reto están en mans de mulleres e que pouco a pouco se vai superando:

•*"O máis preocupante, é o feito de que no caso de que unha muller se interese polo seu traballo, desexe ascender, ocupar cargos de responsabilidade... debe facer un sobre-esforzo e renunciar para iso a cousas das que os homes non teñen que prescindir".*

•*"Penso que cada vez máis a muller accede a postos no sector das TIC que estaban desenvolvidos por homes, especialmente nos departamentos de deseño e informática. Cada vez hai menos diferenciación nese sentido".*

•*"Paréceme que temos un campo moi interesante no que desenvolvernos e amosar que podemos estar capacitadas para facer este tipo de traballo tan ben coma calquera home, sempre que se teña a iniciativa de facelo".*

•*"Penso que non está o suficientemente valorada. Aínda nos queda moito camiño por andar para chegar a ter postos directivos e para ter o suficiente recoñecemento".*

Respecto aos soldos, todas afirman que son baixos en función do traballo que desenvolven, aínda que non creen que isto estea condicionado polo feito de ser muller:

•*"Soldo baixo mais non debido á condición de ser muller".*

•*“Creo que nas empresas TIC a discriminación das mulleres é menor que noutro tipo de sector. Non creo que haxa diferenza de soldo a igual traballo por ser home ou muller. Si que é certo que é difícil atopar mulleres en altos cargos, sobre todo nalgúns departamentos como o informático”.*

A conciliación da vida laboral e familiar da muller, preséntase como o grande reto por alcanzar neste sector. As mulleres entrevistadas consideran este feito como o principal problema á hora de formar unha familia, dado que elas son as que teñen que cargar coa maioría das responsabilidades do fogar:

•*“No tocante á conciliación da vida laboral e familiar queda moito por andar, o mesmo que en moitos outros sectores. A pesar de contar coa colaboración da parella nuns casos, da familia noutros, ou compañeiros de piso..., á muller non lle queda outra que “aguantar co pluriemprego”. Oito horas ou as que cadren fóra da casa e o resto da xornada facer encaixe cos minutos para que dea tempo a atender os labores do fogar deixando (no mellor dos casos) ocos para o descanso e o lecer.”*

CONCLUSIÓN

Conclusións

Este estudo mostra a escasa representatividade da muller no sector das novas tecnoloxías da información e a comunicación. Tan só unha cuarta parte dos empregos do sector TIC están ocupados por mulleres.

As empresas TICs adicadas ás telecomunicacións, actividades informáticas e fabricación de material electrónico (aparells de radio, televisión e comunicación) son aquelas onde se concentra a maior parte das mulleres traballadoras deste sector. As principais diferenzas encóntranse nas empresas de fabricación de máquinas de oficina e equipos electrónicos, así coma nas de fabricación de maquinaria e material electrónico.

O 70% das mulleres empregadas neste sector están formadas en titulacións superiores ou medias non TICs e só o 47% das mulleres que ocupan cargos directivos teñen unha titulación superior en novas tecnoloxías. Nas empresas onde máis da metade do persoal son mulleres, o 45% das traballadoras conta cunha titulación TIC superior.

A diferenza de postos de traballo vén dada polas áreas comerciais, administrativas ou de deseño, ocupadas en maior parte por mulleres, fronte ás áreas de informática, electrónica, redes e especialmente os postos de dirección, onde os homes representan a inmensa maioría dos postos. Cabe sinalar que as mulleres só ocupan o 13% dos postos directivos.

Con respecto ao punto de vista das mulleres que traballan no sector TIC, estas din sentirse satisfeitas co seu traballo e apoiadas polos seus compañeiros varóns, e non sinten discriminación algunha por parte destes nin por parte dos seus superiores. O que si afirman é que poucas veces ven recompensado o seu traballo polos seus xefes, ademais de sinalar que á hora de ascender a postos de responsabilidade elas téñeno máis difícil, tendo que facer moitos máis esforzos que os homes.

Máis do 60% din sentirse satisfeitas coas súas tarefas e motivadas no seu traballo, aínda que non opinan o mesmo con respecto o salario que consideran demasiado baixo. Aquelas que ocupan postos operativos perciben un soldo que na maioría dos casos non chega ós 1.000€ netos mensuais. Só aquelas que ocupan cargos intermedios ou de dirección perciben un salario máis elevado.

En canto ao tipo de contratos hai unha alta porcentaxe de traballadoras do sector (en torno ao 70%) que contan con contratos indefinidos, o que indica as grandes posibilidades de estabilidade laboral que ofrece o sector das TICs.

O grande problema que atopan as mulleres é a conciliación da vida laboral e a persoal. A maioría das mulleres empregadas nas TICs non teñen fillos e ven moi difícil poder formar unha familia, debido a dúas razóns fundamentais: por unha banda os

baixos soldos e por outra as longas xornadas de traballo que obrigan a renunciar á vida persoal e ao tempo libre.

Fóra do ámbito laboral, as mulleres utilizan cada vez máis as novas tecnoloxías, maioritariamente en idades por debaixo dos 40 anos, e están a integrarse progresivamente dentro do mundo das TICs.

Autor:



Patrocinio:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Promoción Industrial
e da Sociedade da Información



Fundación para o Fomento
da Calidade Industrial e
o Desenvolvemento
Tecnolóxico de Galicia



OBSERVATORIO GALEGO
DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN